



Na escola dos pobres (2)

Xosé A. Miguélez Díaz

Aporto testemuños de vivencias con persoas que na súa pobreza ou febleza me enriqueceron en humanidade e fe, pois coas súas accións e palabras reveláronme algo da bondade e da grandeza de Deus. Falo de pobres en sentido amplo, espiritual, máis que en sentido sociolóxico: xente portadora de luz por seren humildes e humanitarios, pacíficos, e misericordiosos e facedores de xustiza, xente co espírito das benaventuranzas de Mateo 5, xente que dan importantes testemuños da presenza do Espírito Santo aínda que sexa en detalles pequenos. E tamén xente defectuosa, mesmo pecadora, que, a contraluz, destacaron máis a beleza da presenza de Deus e a sede polo seu Reinado entre nós. Todos os sucesos son certos, aínda que algúns dos nomes ou circunstancias poidan estar algo cambiadas para preservar intimidades.

1.- Engracia

Chegou onda min pedindo que lle «puxese os santos evanxeos», que é un rito da relixiosidade popular para protexer ou liberar unha persoa que se sente vítima de mal de ollo, é dicir, vítima de poderes negativos derivados dunha maldición, ou dun mal desexo de persoa allea. Ela érame totalmente descoñecida e non era nin veciña nin freguesa, pero seica asistía, de cando en vez, a algún funeral das parroquias que eu atendía, por esas ligazóns de parentescos ou tratos extrafamiliares que tanto se estenden polas nosas bisbarras rurais. Así que ela coñecía-me de referencia e tamén me oíra falar nas miñas prédicas.

Acollina ben, adiviñando que detrás da súa demanda se agochaba algún tipo de doenza e de ferida. Efectivamente, axiña percibín que

era unha muller intelixente, uns dez anos maior ca min, con boa escolarización, condutora do seu propio coche (cousa que daquela non era frecuente no ambiente), viúva, cun único fillo xa casado e con netos, e moi abourada pola crenza, e vivencia, de que alguén lle tiña envexa e lle desexaba mal, provocándolle malestares físicos e perdas no gando. Visitara xa moitos consultorios de curandeiros, homes e mulleres, e algúns a moi longa distancia, a máis dun cento de quilómetros, con cuantiosos gastos de desprazamentos e de consultas, e non se sentía abondo protexida. Quizais, a maiores das perdas que puidese contabilizar ou sufrir, o peor desacougo que a situación lle causaba fose a sombra da ameaza polo descoñecido que lle puidese acontecer do que non sabía os límites.

Falei con ela con tranquilidade e con moita claridade e determinación, facéndolle o diagnóstico de que o seu principal problema era a súa pouca fe, e que a terapia que lle recomendaba non era un rito exterior, de poñerlle os evanxeos, senón a de facer un camiño de crecer na fe, de poñerllos na mente e no corazón, para o que eu estaba disposto a asesorala e acompañala. Ela protestou algo do meu diagnóstico porque, aducía, era moi relixiosa, amiga de misas e rezadora de rosarios, pero escoitou o meu razoamento de que ser relixiosa e ter fe eran cousas diferentes: «se tiveses fe, ningún mal de ollo, ningún mal exterior, ou envexa podería afectarche gran cousa, porque te encontrarías forte e protexida polo cariño de Deus defensor». Eu adiviñara o que despois se me foi confirmando, e era que o espírito de Engracia estaba feso, e que por algunha regaña de certa culpabilidade interna non sandada, coábanselle as malquerenzas (paranoicas ou certas) con desacougos e ansiedades: pero o principal problema era estar ela indefensa, falta da coiraza que a fe debe darnos. Nalgún momento línlle algúns dos textos bíblicos que en linguaxes populares, e máis ou menos míticas, transmiten a experiencia e a convicción de que a fe sanda e protexe desde dentro:

Os que crean irán acompañados destes sinais: no meu nome botarán demos, falarán linguas novas; collerán serpes coas mans, e se chegan a beber algún veneno, non lles fará mal ningún; imporánlles as mans aos enfermos, e estes curarán (Mc 16, 17-18).

Se me predicase a min mesmo, ou me atribuíse poderes propios (e así me endeusase), ou simplemente se tivese nugalía para acompañala nun proceso lento, cumpríralle o desexo, ateríame á súa estrita petición, faríalle un rito placebo que probablemente fose eficaz a curto prazo, pero que, sen sandala por dentro, seguiría deixándoa inerte ante novas ameazas e novas sombras que, segurísimo, volverían aparecer. Pero encomendeina á graza da fe de Xesús Cristo sandador, e iniciamos o camiño lento de crecemento na fe ata que puidese desprezar a súa acción de escudo (Ef 6, 16) e de vitoria (1Xn 5, 4) .

Fixemos o camiño da fe lendo xuntos a Palabra de Deus e orando. Tiñamos encontros ao principio semanais, e despois quincenais. O anuncio básico que máis traballamos era o do amor misericordioso, gratuío e cheo de agarimo de Deus. Sabía que Engracia fora nai solteira e que casara cun labrador e gandeiro ben asentado que non era pai do seu fillo e que lle levaba ben anos: tiña as aparencias dun casoiro de protección que en ningún momento condenei, pero coidaba eu que no seu interior algo podía permanecer ferido; neste asunto nunca pretendín indagar porque nunca mo formulou, e como era unha muller de intelixencia bastante notable, supuxen que a Boa Nova do evanxeo iría iluminando e sandando os puntos mancados do seu corazón.

Traballamos, lendo, comentando e rezando textos como Lucas 7, 36-50, Xoán 8, 1-11, Lucas 6, 27-38, Xoán 13, 1-35, 1Xoán 4, 7-21; Lucas 15; Lucas 18,9-14; Lucas 19,1-10, e outros máis para vivenciar o amor de Deus nela máis aló dun nivel teórico ou superficial. E textos como Mateo 14, 22-33 e outros nos que se lles chama aos apóstolos «homes de pouca fe» (Cf Mt 6, 30; 8, 26; 16, 8) para que recoñecéndose tamén ela muller de pouca fe, puidese crecer na madurez da fe de Cristo ata que acadase a maioría de idade nela, e a liberase. O peor tapón para que a nosa fe permaneza anana é dar por suposto que xa temos fe, polo menos toda a fe, esquecendo que esta está chamada a medrar sempre como o amor, e confundíndoa coa crenza, coas ideas, cunha vaga visión relixiosa que non toca apenas o corazón. O meu aporte principal foi que

aceptase recoñecerse como relixiosa sincera pero con pouca fe, e que aspirase a crecer nela ao xeito como Xesús estimulaba ese desexo nos discípulos (Cf Mt 17, 20).

A maiores de orientala a orar cos textos evanxélicos e con algún salmo (privilexiando os salmos 22(23); 90(91); 102 (103); 120 (121)), propúxenlle oracións tipo xaculatorias, mesmo extraídas dos salmos como «O señor é o meu pastor nada me falta» (do Sal 22) ou «Meu refuxio, miña forza, meu Deus en quen confío» (do sal 90(91)) ou outras que lle suxería ao caso da súa vivencia. Sorprendeume a súa psicoloxía tan diferente da miña: cando quería saber o número exacto de veces que tiña que rezar as oracións: vinme obrigado a poñerlle unha cantidade porque notaba que doutro xeito quedaba intranquila; despois coñecín máis xente así, con esa necesidade de normas moi concretas, e comprendín que as terapias tan normativas e directivas, que ao meu ver (que tendo á intuición e ao espontáneo) se achegaban ao autoritarismo, e mesmo case á maxia, podían ser non só necesarias senón mesmo recomendables para certas persoas, e quizais tamén para grandes masas (Non será esa unha das causas do éxito do Islam?).

Na pedagogía oracional, porén, o principal acento que lle aportei non eran as fórmulas, que ela tendía a imaxinar con eficacia algo mecánica, senón a que abrise coa axuda das invocacións os recunchos do seu corazón que estaban dalgún xeito bloqueados. A oración non é para espertar a Deus, senón para deixarnos traballar nós pola súa Palabra e a súa luz. Tamén no trato con Engracia, déuseme a ver que moita oración de súplica, se non está ben fundada na fe, no canto de acougar e sandar, o que fai é afondar na anguria e na turbación porque grava coa súa ansiedade o sentimento de orfandade e agranda as sombras da ameaza. Pásalle como a certas aceleracións que se lle dan a un coche: se está en terreo firme, serven para saír e andar; pero, se está en terreo de veiga lamacenta, cada aceleración tende a que patine máis a roda co peso do propio vehículo e se entrampe máis e máis no seu bloqueo. Se alguén reza para que Deus ou a Virxe o escoite, e non confía nesa escoita, ou está inseguro dela e non atopa o remedio desexado, tenderá a

ensombrecer a confianza en Deus ou a confianza en si mesmo. Pero, se reza coa confianza de que Deus sabe das súas inquedanzas e que lle quere, se niso ten base segura, equivale á roda que en terreo firme recibe forza motriz e pode andar. Sen chan firme a fe esvara e doadamente se afunde e remata por afogar ou por queimarse. Ese piso estable totalmente necesario para avanzarmos na fe e na vida, é o que, teoricamente, se proclamaría coa fe recitada no Credo, mais por desgraza a súa formulación non se percibe como boa nova salvífica e amorosa (que ese é o seu significado fondo aínda que moi pouco evidente), senón que se interpreta como recitado de fórmulas crentes que pouco ou nada teñen que ver coa nosa situación persoal, e que non transmiten unha mensaxe personalizada de compañía, de amor e de alento. Se se dese, como debería, na linguaxe do credo o anuncio salvífico, e a personalización que anuncia a fe de Xesús («ti es o meu fillo benquerido, en ti me comprazo», Mc 1, 11), a fe de María («reparou na súa humilde escraviña» Lc 1, 48), a fe de Paulo («vivo na fe do Fillo de Deus que me amou que se deu en sacrificio por min», Gal 2, 20) e a fe tradicional de Israel (Ex 13, 8; Dt 5, 3), daquela a Boa Noticia lembrada, actualizada e personalizada daría pé a aquela oración pacificadora que Xesús atopou en Xetsemaní e que a Escritura anuncia:

Con esta carta quero que vós, os que credes no Fillo de Deus, esteades seguros de que tedes a vida eterna. Cando acudimos a el, estamos certos de que nos escoita, se o que lle pedimos está conforme coa súa vontade. Se estamos certos de que nos escoita en calquera cousa que lle pidamos, estamos tamén certos de que xa conseguimos o que lle estamos pedindo (1 Xoan 5, 13-15).

Detectei na relixiosidade de Engracia esa falta de personalización salvífica, e por iso, aínda que valoro a oración e de feito a estimulaba a ela, no meu acompañamento chegueille a pedir que deixase de rezar rosarios como tiña por costume, porque os vivía como oración angustiadora e non como alimento da confianza e da docilidade ao Deus amoroso. Despois vin que tamén Santa Tareixa a algunhas monxas pouco equilibradas mandáballes que non meditasen ou reducíalles o tempo de oración, pois non a todos senta

sempre ben, e maiormente cando a base da confianza no amor de Deus está mal asentada: iso vén ser como querer pintar sobre unha parede húmida, que acaba estragando a pintura sen tardar. Sen o saneamento dunha básica confianza en Deus (Cf Mc 11, 24; Lc 11, 13; 18, 7-8; Xn 16, 26-27) a oración non pacifica; e en troques, se se dá esa confianza, aínda que non se nos aforrarán as angustias de vivir humana e fraternalmente, a oración axudaranos a desactivalas no seu núcleo máis mouro, posto que comunica a confianza da compañía de Deus aos recunchos máis asustados do noso espírito, e por iso a boa nova de que a salvación básica estanos garantida.

Engracia foi facendo importantes progresos e en poucos meses atopouse forte e esvaecéronse os seus temores polo mal que lle podían desexar, polas malas querenzas... E coído que en boa parte foi debido a un crecemento da súa fe na escola de Xesús Cristo. Hai pedagogos da fe que gastan enerxías en querer convencer aos que cren no mal de ollo ou na mala sorte, de que tales cousas non existen e que son crenzas ridículas; pero a persistencia desas crenzas na xente demostra que os razoamentos quedan a miúdo moi lonxe das vivencias afectivas, e non dan serenado sempre os fondos do espírito. O noso mundo tan tecnificado convive, e a miúdo nas mesmas persoas, con grandes doses de aprehensión cara ao descoñecido e con actitudes máxicas e ritualistas cara ás maldicións ou bendicións. Máis que con razoamentos racionalistas, que tamén son útiles e ademais cómpren, a sanación a tanta vulnerabilidade humana virá maiormente con aportes afectivos e efectivos humanos, e con aportes da fe no Deus compañeiro e sandador de Xesús.

Moito me aportou Engracia espertando en min tenrura e tamén admiración polo seu desexo de sanación, pola humildade de recoñecerse muller de pouca fe e así poder medrar nela, pola docilidade que me prestou, polo agradecemento que despois expresou de xeitos variados! Graciñas, querida irmá e tamén mestra.

Sei que o proceso que fixo non é repetible, sen máis, para calquera caso que presente unha petición semellante, entre outras cousas, porque ela era unha boa lectora e ler comigo o evanxeo non lle supoñía especial dificultade como si supón para moita xente, e

tamén porque era unha muller cristiá tradicional, e naturalmente relixiosa e receptiva para o descubrimento do Deus da graza de Xesús tantas veces oculto na vivencia relixiosa común. Grazas, irmá que me revelaches algunhas das sombras e feridas da alma humana, e tamén me revelaches a ledicia da graza que en Cristo se nos ofrece.

2.- Falar galego e castelán, un militar e uns ecuatorianos

En nome dunha familia que quedara de súpeto sen o pai que exercía de cabeza e reitor, fun pedir un favor aos propietarios que lles venderan o lugar no que vivían e que estaban pagando aínda a prazos: solicitaba para eles que lles atrasasen os pagos acordados, ata que puidesen vender algún leiro que o pai deixara na súa parroquia de orixe. Os vendedores vivían na Coruña, e isto debeu acontecer polo ano 1980. Quen me atendeu primeiro foi o home da propiedade do que sabía que era oficial militar retirado e que me ordenou imperativamente que lle falase en castelán. Fun mal mediador, pois malia ser un intercesor en favor da familia que quedara en situación tan vulnerable, o xenio dominoume e contesteille berrando que non me daba a gana. Menos mal que a señora, que era a propiedade e que prezaba o defunto, foi comprensiva e accedeu á petición que eu levaba.

O pobre militar do que falo, malia a súa postura represora e contaminante, tamén era un home ferido e precisado de curación, con barreiras para acoller o espírito do respecto e da fraternidade. Recoñezo que como mediador fun moi defectuoso: non atendín abondo a que a miña misión era maiormente avogar por unha familia desprotexida, e por eles, polo mellor servizo debido, debín controlar doutro xeito a miña reacción, sen ter por iso que achantarme. O visceral pode ser un movemento do Espírito Santo, pero sen apagalo, mellor é unilo á intelixencia que serve con máis eficacia. Estou seguro que aquel irmán prepotente tiña outras cousas e outros momentos valiosos para o Reino de Deus, e pido saber velo así nos meus conflitos.

Outra vivencia complementaria ocorreume o día de Santiago, que é o patrón de Santiago Seré das Somozas, onde exercía de párroco. Tiñamos misa habitual en galego (xa o facía o cura anterior a min, Carlos Miranda Trevín) e pensaba facelo ese día con máis forza e aportando motivacións. Cando se achegaba a hora, repartín entre os fieis unha folla para facilitar a participación na liturxia, e reparei que estaban no templo tres ecuatorianos que con moitas limitacións chapurreaban o castelán pois eran de fala quechua, e viñeran vender roupas ás festas moi sonadas e multitudinarias que daquela (arredor do ano 2000) organizaba o concello. Pensando neles, e coido que movido polo mesmo espírito que me fixera amante e coidador do galego, aquel día, o Día da Patria!, decidín ler o evanxeo e tamén predicar en castelán. Un deles, Lorenzo, díxerame que era catequista no seu país e dábame mágoa que, estando lonxe da súa casa, aquela liturxia, á que se achegaran con moita devoción, lles resultase tamén estranxeira idiomáticamente.

Despois Lorenzo veu xantar á casa e impresionoume como recolleu da abundancia do seu prato de festa parte do servido para compartir cos compañeiros que quedaran vendendo e gardando os postos na sesión vermú. Tivemos algo de contacto posterior, e a despedida dura foi no cuartel da Policía na Coruña, onde o tiñan preso en agarda de repatriación. Non puideron evitar a súa deportación por estar sen papeis e ser de execución inmediata, pero visiteino e leveille algún carto para o seu retorno, xesto algo improvisado e para o que Manuela, a asistente de miña nai, aportou solidariedade.

Deume moita mágoa Lorenzo, pero aínda me dan máis os que nos pechamos en fronteiras de calquera tipo a non ser que sexan só terapéuticas, relativas, temporais en proceso de superación. No seu caso, coma no de tantos emigrantes, véñenme á mente dous textos bíblicos. Un cando Xesús camiño do calvario lles di ás mulleres de Xerusalén que laiaban por el: «non choredes por min senón por vós mesmas e polos vosos fillos» (Lc 23, 31), pois non podemos quedar á marxe da sorte dos fillos de Deus aínda que nolo pareza. O outro texto é a vida de *koinonía*, de comunión e de compartir todo, que nacía dos primeiros cristiáns; «a comunidade dos crentes tiña

un so corazón e unha soa alma, e ninguén consideraba como seu o que posuía, senón que todas as cousas eran comúns» (Feit 4, 32). Pobre de quen se considera dono das súas cousas, ou do seu país, e non depositario e administrador do que en raíz é de todos! (Lc 12, 19; Lc 16, 2-4) Pobre de quen non chora dalgún ou de moitos xeitos! (Mt 5, 4; Rm 12, 13.15) Pobre de quen se considera neste mundo como na súa casa definitiva, esquecendo que está en camiño cara a patria verdadeira! (Rm 12, 2; Heb 11, 16)

Xosé A. Miguélez Díaz